

DECRETO. Aprobación das Bases de participación nas Escolas de Verán 2017.

Logo de ver a proposta efectuada pola Concelleira Delegada de Educación, Xuventude e Saúde con data 26 de abril de 2017, pola que solicita aprobación das Bases de participación nas Escolas de Verán 2017, **RESOLVO:**

Primeiro: Prestar aprobación ás citadas Bases.

Segundo: Ordenar a súa publicación na paxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude.

BASES DA CONVOCATORIA DAS ESCOLAS DE VERÁN 2017

A **Concellaría de Educación, Xuventude e Saúde** do Concello de Sada, leva a cabo a promoción e organización de actividades socioeducativas destinadas á infancia e á mocidade no eido do ocio e o tempo libre. É consciente esta Concellaría da importancia que ten facilitar canles polas que os nenos/as poidan participar neste tipo de actividades, e polo que este ano, igual que en anos anteriores, convócase a oferta de Escolas de Verán 2017. O Concello de Sada pretende desta forma atender á demanda individual de ocio educativo, así como ás necesidades de conciliación das familias sadenses.

1ª.-Obxecto.

Co obxectivo de facilitarlle aos rapaces e rapazas a participación en actividades educativas e de tempo libre, o Concello de Sada, oferta as prazas para as actividades de Verán 2017.

As diferentes actividades que integran esta oferta levaranse a cabo en 2 centros de ensino do municipio atendendo aos diferentes grupos de idade durante o período que transcorre dende o 3 de xullo ao 11 de agosto.

A información sobre a convocatoria desta campaña de verán atoparase na páxina web www.concellodesada.com.

Ademais, os/as interesados/as poden solicitar información ou o folleto da convocatoria na Oficina Municipal da Xuventude, no teléfono 981620331, en horario de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00 horas de luns a venres (a partir de xuño só hai servizo pola mañá até as 15:00h) ou no correo: omixsada@gmail.com

2ª.-Escolas de Verán: lugar de realización, prazas e quendas

- Lugar de realización:

C.E.I.P. Sada e Contornos (nados entre 2013 e 2011)

C.E.I.P. Pedro Barrié de la Maza – Mondego (nados entre 2010 e 2005)

As Escolas de Verán ofertan un total de **250 prazas** para nenos e nenas nados entre 2013 e 2005 entre as seguintes opcións dispoñibles:

- 1ª Quenda : **3 xullo - 14 xullo: 55 prazas CEIP Mondego / 45 prazas CEIP Sada e Cont.**

- 2ª Quenda : **17- 28 xullo: 55 prazas CEIP Mondego / 45 prazas CEIP Sada e Cont.**

- 3ª Quenda: **31 xullo- 11 agosto. 50 prazas nados entre 2005 e 2013. CEIP Sada e C.**

- Reservaranse até un **10%** destas prazas para participantes derivados dos servizos sociais de atención primaria, previo informe favorable dos servizos técnicos. De non cubrirse, sumaranse ao resto de prazas ofertadas.

- As actividades dentro dos centros desenvolveranse de luns a venres (excepto o día 25 de xullo) de **09:00 a 14:00 h.**

3ª.-Servizos ofertados

Na oferta da Escola de Verán 2017, os/as participantes disporán dos seguintes servizos:

a) Un programa de actividades de carácter educativo, lúdico e convivencial, que posibilite a participación do/a rapaz/a. A temática das Escolas será multiactividade, adaptada aos diferentes grupos de idade, desenvolvendo así diferentes xornadas de carácter pre-deportivo, musical, artístico, incluíndo ximkanas, contacontos, obradoiros, etc.

b) Transporte de ida e volta para os participantes que así o soliciten (**só para os participantes nados entre o 2005 e 2010 que lles corresponderían as instalacións do CEIP Mondego**).

c) O material necesario para a actividade.

d) Un equipo técnico de persoal especializado en educación, animación deportiva e actividades de tempo libre.

e) Seguro de accidentes para os participantes e atención sanitaria de primeiros auxilios.

f) Servizo de madrugadores/as nas dúas instalacións dende as 08.00 até ás 09.00. Para que este servizo se realice deberá haber un mínimo de 10 solicitudes.

4ª.-Participantes.

1. Poden solicitar a súa participación nas actividades ofertadas nesta convocatoria os rapaces e rapazas nados entre os anos 2005 e 2013 (ambos inclusive).

As persoas que desexen solicitar praza nas Escolas de Verán, deben estar ao corrente de pago e non ter ningunha débeda pendente coa Tesourería municipal (recibos actividades extraescolares Sada Educa, etc), xa que de ser así previa comprobación de oficio, será denegada a solicitude.

Terán prioridade na concesión das prazas os/as nenos/as solicitantes que se atopen empadroados no Concello de Sada antes do 1 de maio de 2017. A comprobación do padrón farase de oficio, de maneira que non será preciso entregar ningunha documentación adicional.

2. Para que as quendas das Escolas de Verán se realicen, terán que presentarse polo menos en cada quenda o seguinte número de solicitudes de **praza en 1ª opción** (non computan as solicitudes de praza para quendas opcionais se quedan prazas vacantes):

Mínimo 20 solicitudes en cada quenda e centro educativo no que se realizan

5ª.-Tipos de solicitude e formas de presentación.

- Cada participante poderá presentar unha única solicitude elixindo a primeira opción de quenda. Terá posibilidade de obter praza nas outras elixidas, sempre que e cando haxa dispoñibilidade de prazas.
- Aqueles irmáns/ás que por ano de nacemento vaian á mesma Escola de Verán, pedirán praza múltiple na mesma solicitude.
- As solicitudes **deberán estar asinadas** polos pais/nais ou titores/as dos/as menores solicitantes, en caso contrario, non serán aceptadas por considerarse incompletas. **As enviadas por correo electrónico deben conter a sinatura escaneada, ou non serán válidas.**

A presentación da solicitude poderá facerse, á elección do solicitante, por vía escrita ou a través de correo electrónico.

a) Vía presencial:

Presentarase a solicitude de praza (descargable na web www.concellodesada.com) na Oficina da Xuventude.

Lembramos que o horario de atención ao público será de luns a venres de 09.00 a 14.00 e de 16.00 a 18.00h, a partir do 15 de xuño reducirase de 09.00 a 14.00h.

b) Vía correo electrónico:

Enviarase a solicitude de praza escaneada ao correo electrónico omixsada@gmail.com.

c) Online a través dun formulario que se poderá atopar na web anteriormente citada.

6ª.-Prazo de preinscrición

Do luns **8 de maio** até o xoves **22 de maio**

Calquera solicitude recibida fóra de prazo non será admitida

7ª.-Adjudicación de prazas.

A adjudicación das prazas realizaranse en base aos seguintes supostos:

a) No caso de participantes derivados dos servizos sociais de atención primaria, previo informe favorable dos/as técnicos responsables (até un **10%** das prazas totais): **ADXUDICACIÓN DIRECTA**

b) No caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles: **ADXUDICACIÓN DIRECTA**

c) No suposto de que o número de solicitudes supere as prazas dispoñibles nalgunha das opcións ofertadas nas “Escolas”: **SORTEO PÚBLICO**

Ao longo do mércores **1 de xuño** publicaranse na web www.concellodesada.com a listaxe de solicitantes con praza e a listaxe de reservas.

Se unha vez obtida a praza, o/a solicitante desexa renunciar a ela, deberá comunicalo por escrito para poder adjudicarlle aos solicitantes da listaxe de reserva. Será suficiente con enviar un correo electrónico a omixsada@gmail.com no que aparezan datos do/a solicitante e quenda na que obtivo praza e á que renuncia.

8ª.-Sorteo.

O sorteo público terá lugar o día **30 de maio** do 2017 ás 10:00 h. no local de actividades da Oficina da Xuventude (planta baixa).

Tendo en conta que sempre terán preferencia no acceso ás prazas os empadroados/as no Concello de Sada, fronte aos non empadroados/as, incluso no caso de repeticións das quendas.

O sorteo realizarase por orde de quenda completando cada unha delas até o total das prazas:

(1ª quenda, 2ª quenda, 3ª quenda)

O procedemento do sorteo será da forma que segue para cada unha das quendas de forma sucesiva:

Exemplo da orde do sorteo 1ª QUENDA:

1ª Empadroados que solicitan a 1ª quenda como 1ª opción

2ª Empadroados que solicitan a 1ª quenda como 2ª opción

3ª Empadroados que solicitan a 1ª quenda como 3ª opción

4ª Non empadroados que solicitan a 1ª quenda como 1ª opción

5ª Non empadroados que solicitan a 1ª quenda como 2ª opción

6ª Non empadroados que solicitan a 1ª quenda como 3ª opción

E así sucesivamente para as solicitudes da 2ª e 3ª quenda.

O resultado do sorteo será a listaxe de admisión e de agarda de cada quenda.

O Concello de Sada fará pública na paxina web a listaxe definitiva de admitidos/as, incluídas as reservas se as houbera, para cada quenda ao longo do día **1 de xuño**.

As solicitudes múltiples de irmáns/ás (aínda que por idades lles correspondan diferentes centros) entrarán no sorteo cun mesmo número.

9ª.-Prezos e períodos de pagamento:

Os prezos de aplicación para os/as participantes nas Escolas de Verán 2017 serán os que se establezan no informe de prezo público previa aprobación dos Servizos Económicos Municipais.

- **1º Prazo de pagamento:** Do **2 ao 12 de xuño**. Exclusivamente para aqueles solicitantes que obteñan praza tras a publicación das listaxes.

Os/as participantes que non realicen o pagamento nestas datas perderán automaticamente a praza, a cal será asignada ao seguinte solicitante da listaxe de reserva.

- **2º Prazo de pagamento:** do **14 ao 21 de xuño**. Exclusivamente para aqueles solicitantes que estando na listaxe de reserva sexan chamados pola OMIX.

Os solicitantes desta listaxe serán chamados telefonicamente segundo se vaian liberando as prazas, ben por non pagamento ou renuncia expresa. Como máximo realizaranse 3 chamadas en horario de 09.00 a 15.00h. Se non é posible contactar, pasarase ao seguinte solicitante.

En calquera caso, **será obrigatorio presentar o xustificante de pagamento na Oficina da Xuventude** e os documentos que acrediten descontos, se é o caso, ben sexa por correo electrónico ou presencialmente, dentro dos prazos estipulados.

10ª. Funcionamento das Escolas

CEIP Pedro Barrié de la Maza (Mondego)

SERVIZO DE MADRUGADORES:

* 08:00 a 09:00h. Inclúe almorzo que estará composto por lácteos, froita, cereais, pan...etc. Aquelas persoas que desexen traer o seu propio almorzo por razón de intolerancias alimentarias, deben informalo previamente no momento de solicitar o servizo, aínda que isto non implica variación de prezo polo servizo.

ACTIVIDADES:

- Aqueles participantes que non desexen o servizo de madrugadores nin do bus poden acceder ás instalacións do CEIP ás 09.00, sendo a saída ás 14.00h. A entrada habilitada será a do portal polo que acceden os buses.

O servizo de bus funcionará sempre e cando haxa un mínimo de 20 participantes que o soliciten.

Paradas do bus:

RUTA IDA

09:00 Casa do concello.

09:05 Colexio Sada e Contornos (só na ida por se hai irmáns/ás para os dous centros)

09:10 Fontan (casas dos mariñeiros)

09:15 Carnoedo (casa Ramos)

09:20 Veigue (parada bus)

09:25 Meirás (parada bus)

09:30 Mosteirón (colexio)

09:35 Soñeiro (Casa Carrasco)

09:40 O Castro (Cerámicas)

RUTA VOLTA

14:00 Saida colexio Mondego

14:05 O Castro

14:10 Soñeiro

14:15 Mosteirón

14:20 Meirás

14:25 Veigue

14:30 Carnoedo

14:35 Fontan

14:40 Concello.

Os horarios dos autobuses son orientativos, poden sufrir modificacións en función das paradas, da climatoloxía ou circunstancias imprevistas.

Os/as usuarios/as do servizo autobús que necesiten facer algunha modificación na parada solicitada, ou que nalgún momento non vaian usar o servizo, deberán avisar previamente ao responsable da actividade con tempo suficiente para realizar o cambio.

CEIP Sada e Contornos

SERVIZO DE MADRUGADORES:

* 08:00 a 09:00h. Inclúe almorzo que estará composto por lácteos, froita, cereais, pan...etc. Aquelas persoas que desexen traer o seu propio almorzo por razón de intolerancias alimentarias, deben informalo previamente no momento de solicitar o servizo, aínda que isto non implica variación de prezo polo servizo.

ACTIVIDADES:

- Aqueles participantes que non desexen o servizo de madrugadores poden acceder ás instalacións do CEIP ás 09.00, sendo a saída ás 14.00h.

Os participantes que por idade lles corresponda este centro durante as Escolas de Verán, **NON DISPOÑEN DE SERVIZO DE TRANSPORTE.**

NOTA: As instalacións dos citados centros educativos permanecerán pechadas por seguridade unha vez que se sobrepare a hora de chegada estipulada.

Se por calquera motivo xustificable o/a participante necesitara facer a incorporación, ou a saída da actividade, fóra do horario establecido, deberá avisar previamente ao responsable da mesma, que será quen se encargará de levar a cabo dita labor da maneira menos prexudicial para o desenvolvemento das actividades programadas.

Dentro da programación de ambas escolas poderán realizarse saídas didácticas dentro do municipio sen que modifique os horarios previstos, igualmente os pais e nais serán informados previamente dos días que se realice.

11ª.- Normas de comportamento

A organización da Escola, non permitirá ningún tipo de comportamento violento, tanto físico como verbal. Se algún dos participantes dificulta a dinámica no desenvolvemento das actividades en repetidas ocasións (previas advertencias aos seus pais desta situación), pode ser susceptible de expulsión segundo acorde o equipo de educadores.

12ª.- Autorización de imaxes e protección de datos

Co fin de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), nas Escolas de Verán recollen experiencias e fotografías durante o desenvolvemento das actividades. Ditas fotografías, nas que poden saír os/as participantes, poderán ser divulgadas a través dos servizos da sociedade da información que considere o Concello de Sada (prensa, web, redes sociais, etc).

Aquelas nais, pais que non desexen autorizar a publicación de imaxes, deberán presentar o anexo II cando entreguen o xustificante de pagamento. O feito de non entregar este anexo II implica a autorización expresa dos pais, nais ou titores/as para a publicación de fotografías.

Os datos persoais derivados da inscrición nesta convocatoria serán tratados, en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Poderá exercerse o dereito de acceso, rectificación e cancelación, nos termos establecidos na lexislación vixente.

13ª.- Aceptación das bases

O feito de presentar a solicitude para as Escolas de Verán, implica a aceptación de cada unha das normas de participación que aquí se recollen.
